



Resolución do 25 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se publican as adxudicacións provisionais de postos convocados pola Resolución do 20 de febreiro de 2025, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión en comisión de servizos de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza

O 20 de febreiro de 2025 publicouse na intranet de Xustiza e mais na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Resolución do 20 de febreiro de 2025, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión en comisión de servizos de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

O punto terceiro da dita resolución establece que o prazo de presentación de solicitudes é de cinco días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria (do 21.02.2025 ata ao 27.02.2025).

Vistas as solicitudes presentadas e de conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Resolución do 2 de setembro de 2024 e pola Resolución do 10 de outubro de 2024,

RESOLVO

Primeiro.- Facer públicas, no Anexo I da presente resolución, as puntuacións obtidas por cada participante da convocatoria.

Segundo.- Aprobar e facer pública, no anexo II da presente resolución, a listaxe das adxudicacións provisionais dos postos.

Terceiro.- De conformidade co artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, as persoas interesadas poderán formular reclamacións no prazo de 3 días hábiles contado desde a publicación desta resolución na intranet de Xustiza e mais na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, modificada pola Resolución do 2 de setembro de 2024 e pola Resolución do 10 de outubro de 2024,

O director xeral de Xustiza
José Tronchoni Albert

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa de Madrid, 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela
xustiza@xunta.gal
Tfno. 981 546 217

1 de 2





ANEXO I

PERSOAS CANDIDATAS PROVISIONALMENTE EXCLUÍDAS

Nome e apelidos	Causa de exclusión
David Costas Piñó	Non cumprir co establecido no art. 7. 1 a)

PERSOAS CANDIDATAS PROVISIONALMENTE ADMITIDAS

Posto	Xefe/a de sección área de patoloxía forense		
Persoas Candidatas	Méritos xerais	Méritos Específicos	Valoración total
Juan José Molina Climent	31,44	4,36	35,80

ANEXO II

LISTAXE PROVISIONAL DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS

Posto	Xefe/ de sección área de patoloxía forense
Centro de destino	Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). Subdirección Territorial da Coruña
Código do posto	XG9251820015001311.04
Persoa adxudicataria:	Juan José Molina Climent

